



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

ASUNTO.- LISTA DE ADMITIDOS/EXCLUÍDOS E DATA DE EXAME. NORMALIZADOR LINGÜÍSTA PARA A PROMOCIÓN DO USO DO GALEGO NOS CONCELLOS DE CARBALLEDO, CHANTADA E SAN CRISTOVO DE CEA (ORDE DO 31 DE MARZO DE 2016, DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, publicada no DOG núm. 74 de 19 de abril de 2016).

D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco, Alcalde-Presidente do Concello de Carballedo,

Vista a Orde do 31 de marzo de 2016, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, publicada no DOG núm. 74 de 19 de abril de 2016.

Vista a Resolución do 13 de xullo de 2016, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se conceden subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, publicada no DOG núm. 138 de 21 de xullo de 2016, pola que se outorga subvención para a Creación dun servizo lingüístico ao agrupamento dos Concellos de Carballedo, Chantada e San Cristovo de Cea.

De acordo coas bases de selección aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de xullo de 2016.

Tendo en conta os antecedentes e a normativa de aplicación, pola presente esta Alcaldía, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobala referida relación de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, así como da documentación a emendar e prazo de emenda, sendo a seguinte:

1. ADMITIDAS:

| | |
|-------------------------|--------------|
| RODRÍGUEZ MATANZA, ROSA | 34.267.721-K |
|-------------------------|--------------|

2. EXCLUÍDAS:

| | |
|--------------------------|--------------|
| SANJURJO RODRÍGUEZ, GEMA | 53.161.930-Y |
|--------------------------|--------------|

Motivo da exclusión. A instancia non se acompañou da seguinte documentación:

- A instancia está incompleta: falta a relación de méritos que se xustifican e a forma de acreditación.
- Falta a copia compulsada do DNI.
- Falta a acreditación documental xustificativa dos méritos esixidos, entre eles do título de acceso

Os defectos subsanables que se sinalan poderán ser corrixidos coa presentación da documentación oportuna.

Prazo de reclamacións: De acordo co punto 2 das bases de selección, concédese un prazo de dous días hábiles a partir do seguinte ao da publicación desta resolución, para a emenda de defectos que motivaran a súa exclusión ou omisión da relación dos admitidos ou excluídos.

SEGUNDO.- De conformidade co establecido nas bases de convocatoria, proceder á inserción de dita lista no taboleiro de anuncios do concello, xunto coa data que se indica a continuación para a realización do exercicio correspondente á fase de oposición:

MÉRCORES 24 DE AGOSTO DE 2016, ÁS 9:00 A.M.


LUGAR: SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CARBALLEDO.

Os candidatos comparecerán co DNI/Tarxeta de residencia.

Carballedo, a 18 de agosto de 2016.

D.M. e os únicos efectos de fé pública
(art. 2 RD 1174/1987, de 18 de decembro)
O Secretario,

O Alcalde,



D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco

D. Fernando Torre Comesaña



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO

Teléf.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

RÉXIME DE RECURSOS:

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co disposto no artigo 109c) da Lei 30/92 de Réxime Xurídico e Procedemento administrativo común e no artigo 58.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, poderán interpoñerse os seguintes recursos:

Con carácter potestativo, recurso de reposición ante Alcaldía, en prazo dun mes a contar dende o día seguinte á notificación do presente acto administrativo.

Directamente, recurso contencioso-administrativo, ante o órgano xurisdiccional competente, en aplicación dos arts. 6 a 13 da Lei 29/1998 de 13 de Agosto Reguladora da Xurisdicción contencioso – administrativa. O prazo de interposición será de dous meses dende o día seguinte ó da notificación do presente acto administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida exercitarse calquera outro que se estime pertinente.